

REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER DO CONCELLO DE RIBADEO

Corresponde aos poderes públicos facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social, como instrumento que propicie o libre desenvolvemento da personalidade, fundamento da orde política e da paz social.

O dereito da cidadanía a participar nos asuntos públicos, directamente ou por medio de representantes, debe promoverse e expresarse en todos os ámbitos, tanto en referencia ás persoas individualmente consideradas, como respecto aos grupos de diversa natureza na que se integran.

Os artigos 69, 70 e 72 da Lei de bases do réxime local (7/85) e o seu Regulamento de Organización (Decreto 2568/86) regulan diversos aspectos desa participación cidadá na vida pública municipal e, de maneira singular, a participación veciñal en consellos sectoriais a través de asociacións xerais ou sectoriais, tendo en conta tanto a súa especialización como representatividade.

A Concellería da Muller propón aos colectivos de mulleres, á Comisión Informativa e finalmente ao Pleno do Concello de Ribadeo unha normativa particular para artellar o funcionamento, composición e outras especificacións necesarias para garantir o dereito de participación na vida municipal das cidadás de Ribadeo na que se atende ás características específicas do colectivo social ao que vai dirixido e ás particularidades organizativas que lle son propias.

ARTIGO I.- OBTIVOS DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER

- Estudiar e emitir informes sobre os temas de interese para a muller.
- Promover e dar prioridade ás iniciativas da Concellería e doutras institucións, derivadas das análises, estudos e demandas realizadas sobre temas relativos á muller.
- Potenciar a coordinación entre as institucións que actúen neste eido en Ribadeo.
- Propoñer actuacións e acordos ás diversas concellerías, á Corporación, aos consellos municipais e a cantas outras institucións incidan coas súas actuacións, ou coas súas omisións, no ámbito da muller.
- Analizar as actuacións e intervencións que no ámbito da muller se produzan no municipio para darlles resposta.
- Información, debate e difusión dos temas e dereitos das mulleres.
- Promover a presenza e a participación das mulleres en todos os ámbitos.
- Apoio e fomento do asociacionismo das mulleres para acadar maior participación e solidariedade.

ARTIGO II.- COMPOSICIÓN

- Presidencia: Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue.
- Un/unha representante de cada grupo municipal existente na Corporación.
- Unha representante de cada unha das asociacións de mulleres do Concello de Ribadeo, que deberán estar inscritas como tales no Rexistro Municipal de Asociacións.
- Unha representante de cada unha das Secretarías da Muller dos Sindicatos con representación no municipio.
- Unha representante do Servizo Galego para a Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
- Unha representante de cada unha das asociacións de veciños.
- Unha representante do sector educativo.
- Unha representante do sector da Sanidade.
- Unha muller empresaria designada por ACISA.

- O/A axente de emprego e desenvolvemento local.

ARTIGO III.- RÉXIME INTERNO

Estructura interna.

Comisións de traballo:

- formación, emprego e relacións laborais.
- violencia de xénero e imaxe social.
- saúde e sexualidade.
- atención social e reparto de responsabilidades
- e calquera outra que o Consello considere oportuna.

ARTIGO IV

As actas do Consello Municipal da Muller terán carácter de documento público.

ARTIGO V

A convocatoria das sesións ordinarias deberá realizarse cunha antelación mínima de cinco días sobre a data da xuntanza. A Concellería da Muller, en coordinación coa Secretaría Xeral do Concello no lugar destinado para este efecto, porá a disposición das conselleiras a documentación necesaria para o adecuado desenvolvemento das súas tarefas.

ARTIGO VI-RÉXIME DE SESIÓN.

O Consello Municipal da Muller será convocado cando menos unha vez cada catro meses. Poderá convocarse con carácter extraordinario cantas veces o decida a súa presidenta, acorde o Pleno ou así o soliciten formalmente os 3/5 das súas conselleiras.

As sesións extraordinarias serán convocadas no prazo máximo de tres días hábiles seguintes á data de entrada da solicitude no rexistro Municipal. O Consello extraordinario deberá realizarse nun prazo de vinte días a contar dende o momento da convocatoria, salvo caso de forza maior.

As decisións deberán tomarse por consenso e, de non ser posible, por maioría simple das conselleiras, agás naqueles casos en que o Regulamento de réxime interno esixa maiorías cualificadas.

ARTIGO VII. DA MESA DO CONCELLO

O Consello Municipal da Muller contará cos seguintes cargos unipersoais de responsabilidade, que formarán a Mesa do Consello:

- Presidencia
- Vicepresidencia.
- Secretaria

DA PRESIDENCIA

A Presidencia ostentárase polo Alcalde-Presidente ou concelleira/o da Corporación municipal en quen delegue. Será función de Presidencia:

1. Convocar e presidir as reunións.
2. Preparar a orde do día.
3. Ordenar os debates e someter a votación os acordos.

4. Executar os acordos do Consello.

DA VICEPRESIDENCIA

A Vicepresidenta será elexida polo Pleno do Consello entre as Conselleiras que non formen parte da Corporación Municipal na primeira sesión logo da constitución do Consello Municipal da Muller.

Para ser elexida vicepresidenta requírese a maioría absoluta dos votos das conselleiras na primeira votación. De non reunir ningunha candidatura esa maioría, resultará elexida na votación seguinte a que acade máis votos.

Serán as súas funcións:

1. Auxiliar a Presidenta do Consello Municipal da Muller nos asuntos que esta o requira.
2. Suplir as funcións de presidenta, por delegación desta, ausencia, enfermidade ou calquera circunstancia que impida a presenza da presidenta na reunión.

DA SECRETARÍA

Será o Secretario Xeral da Corporación ou funcionaria/o en quen delegue. A este lle corresponde levantar acta de cada sesión na que figurarán os acordos adoptados e as incidencias que sexan procedentes para reflexar fielmente a sesión, e facilitar a documentación necesaria ás conselleiras.

As actas serán asinadas polo Secretaria/o co visto e praxe da presidencia e serán sometidas para a súa aprobación ó inicio da seguinte sesión.

Asistirá as sesións con voz pero sen voto.

ARTIGO VIII. DAS COMISIÓNS DE TRABALLO

O Consello Municipal da Muller decidirá a constitución de comisións de traballo, con carácter temporal ou permanente, segundo os intereses, necesidades e posibilidades do Consello. As Comisións de traballo elaborarán informes, estudos e propostas de actuación na materia da súa competencia.

Poderán participar nas comisións de traballo aquelas persoas que sexan requeridas polo Consello, invitadas pola súa presidenta ou que o soliciten formalmente diante deste organismo, para emitir informe técnico ou formular cuestións que lles afecten directamente a elas ou ao colectivo que representan.

A presidencia, logo de vista e aprobada por maioría do Consello a proposta, nomeará á coordinadora de cada comisión que, pola súa vez, debe formar parte do Consello Municipal da Muller.

Serán competencias da coordinadora impulsar e coordinar as actividades da comisión correspondente así como exercer a súa representación.

ARTIGO IX. ELECCIÓN DAS CONSELLEIRAS

O nomemamento das conselleiras- vocais se formalizará por resolución da Alcaldía, á recepción da proposta da Asociación, Entidade ou organismo ó que representen. Para cada cargo designarase un titular e un suplente pola persoa xurídica a que representen.

As integrantes do Consello Municipal da Muller serán renovadas, aínda que poden ser designadas as mesmas persoas, cando se renoven os membros da Corporación e no prazo máximo de tres meses despois de constituída. A presidencia dirixirase ás institucións e organizacións interesadas para proceder a designar as novas conselleiras.

En caso de que se produzan cambios internos na directiva das asociacións representadas no Consello deberán ser comunicados á Concellería de Muller coa maior brevidade posible.

ARTIGO X

Presidencia: desinación de alcaldía.

Vicepresidencia: elección polo Pleno do Consello Municipal de Muller.

Un/unha representante de cada grupo municipal.

As representantes de cada asociación serán elexidas polas asociacións que representan.

As representantes dos sectores educativo, sanitario e empresarial serán elexidas polos

sectores que representan ou de non existir unha fórmula organizativa ou asociación

representativa serán desinadas pola Alcaldía entre profesionais do sector do que se trate.

As representantes das asociacións de veciños, barrios e parroquias de Ribadeo serán escollidas en cada asociación.

ARTIGO XI

O nomeamento de calquera integrante do Consello poderá extinguirse por:

- Revogación por parte da entidade á que se representa.
- Por falecemento ou renuncia expresa da interesada.
- Pola non asistencia inxustificada a tres reunións ordinarias consecutivas ou a cinco alternas no prazo dun ano.
- Por cada conselleira poderá desinarse unha suplente que asista ás xuntanzas e participe das tarefas da titular por ausencia xustificada desta.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

PRIMEIRA

O Consello Municipal da Muller aprobará a súa composición que deberá ser posteriormente ratificada polo Pleno da Corporación Municipal.

Asemade aprobará o seu calendario anual de xuntanzas ordinarias.

SEGUNDA

O propio Consello Municipal da Muller aprobará para o seu funcionamento un Regulamento interno.

O presente Regulamento, conforme ó disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación íntegra no BOP e unha vez transcurrido o prazo de quince días a que fai referencia o artigo 65. 2 da mesma Lei.

Ribadeo, 22 de abril de 2005.

O ALCALDE,

Asd.BALBINO E. PÉREZ VACAS.